



CRITERIOS DE VALORACIÓN		
<b>1. INTERESE EDUCATIVO DO PROXECTO</b>	<b>Máximo 50 puntos</b>	
a) O seu carácter innovador dentro do contexto sociolingüístico do centro.	Ata 10 puntos	
b) Os obxectivos que persegue e a súa adecuación ao Plan xeral de normalización da lingua galega; a proposta metodolóxica e a formulación de actividades, escolares e extraescolares, coa súa periodización; o tratamento dos contidos que se van desenvolver e o sistema de seguimento e avaliación.	Ata 10 puntos	
c) A súa contribución á eliminación dos prexuízos lingüísticos ou de cantas outras trabas impidan o uso habitual do galego por parte do profesorado e do alumnado do centro, tanto dentro como fóra das aulas.	Ata 5 puntos	
d) A súa contribución á posta en relación do galego cunha cultura de interese para a mocidade e con proxección de futuro.	Ata 5 puntos	
e) As propostas de tratamento da diversidade, a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e as medidas para fomentar a igualdade.	Ata 3 puntos	
f) O acceso de alumnos e alumnas en igualdade de condicións e o fomento dos valores democráticos.	Ata 2 puntos	
g) O fomento dos aspectos recollidos no artigo 7.2.	Ata 15 puntos	
<b>2. CALIDADE LINGÜÍSTICA (presentación, redacción e corrección)</b>	<b>Máximo 5 puntos</b>	
<b>3. VIABILIDADE, APLICABILIDADE E XESTIÓN DO PROXECTO</b>	<b>Máximo 25 puntos</b>	
a) O grao de compromiso da comunidade educativa no desenvolvemento do proxecto e a súa implicación nas actividades e na mellora das prácticas escolares, como garantía para a súa extensión e continuidade.	Ata 8 puntos	
b) O compromiso do profesorado coa lingua galega e coa realización de actuacións de formación que se poidan organizar durante o desenvolvemento do proxecto.	Ata 7 puntos	
c) A garantía de continuidade do proxecto, atendendo ao compromiso do claustro e do consello escolar para o realizar, á súa estabilidade, á proposta de seguimento e desenvolvemento deste e á aplicación das súas actividades á práctica docente habitual do centro.	Ata 7 puntos	
d) A utilización dos recursos existentes no centro.	Ata 3 puntos	
<b>4. COLABORACIÓN ENTRE CENTROS</b>	<b>10 puntos</b>	
<b>5. PROXECTOS DE CENTROS QUE NON RECIBIRON DOTACIÓN ECONÓMICA NA CONVOCATORIA ANTERIOR</b>	<b>10 puntos</b>	